

## XUNTA DIRECTIVA

### **PRESIDENCIA:**

- **Nome:** Anxo Antón Queiruga Vila
- **Funcións:**
  - Representar oficialmente á Confederación.
  - Convocar e presidir as reunións da asemblea xeral, da xunta directiva e da comisión permanente.
  - Nomear a calquera persoa como asesora, que será ratificada pola xunta directiva, e de asignarlle as tarefas axeitadas e coa obriga de informar á xunta directiva, das recomendacións e informes deses asesores. As resolucións de calquera asesor non son vinculantes en ningún caso.
  - Permitir ou non, a presenza de invitados nas reunións da xunta directiva e nas asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias.
  - Ordenar os pagos con cargo aos fondos da Confederación. Leva a sinatura social conxuntamente co secretario ou o tesoureiro.
  - A retirada dos fondos da Confederación depositados en entidades bancarias para o que precisará a sinatura do secretario ou do tesoureiro.
  - Autorizar coa súa sinatura as actas das reunións da asemblea xeral e da xunta directiva.
  - Velar pola execución dos acordos adoptados na asemblea xeral e na xunta directiva.
  - Subscribir contratos en nome da Confederación, outorgar poderes a terceiros, exercitar accións e opor excepcións ante os órganos da xurisdición ordinaria e especial, aceptar doazóns, legados e herdanzas, aceptar endosos, recibir subvencións e realizar calquera outro acto equivalente de interese ós fins da Confederación.
  - Coidar do debido cumprimento dos estatutos, dos fins e principios da Confederación, xuntamente co secretario.
  - Calquera outro de interese para a execución dos estatutos.
- **Resumo traxectoria profesional:**
  - FP2 Administrativo (especialidade administrativa e comercial) con experiencia no movemento asociativo do ámbito da discapacidade dende 1984. Traballa en COGAMI dende o ano 1997, comezando como Técnico de administración. No ano 2002 pasa a ser responsable do Servizo de Intermediación Laboral e, posteriormente, responsable da área de formación e



emprego. En 1998 entra a formar parte da xunta directiva como vicepresidente e no ano 2007 asume a presidencia de COGAMI e do grupo empresarial Galega de Economía Social ata a actualidade. Exerce como presidente do CERMI-Galicia dende 2008 ata 2016, ano no que é elixido presidente da Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica (COCEMFE) e vicepresidente do Comité Español de Representantes de Personas con Discapacidad (CERMI Estatal).

## VICEPRESIDENCIA 1º:

- **Nome:** Ramón Sestayo Lestón
- **Funcións:**
  - O vicepresidente substituirá temporalmente ao presidente nos casos de ausencia ou enfermidade.
  - Así mesmo poderá asumir todas aquelas funcións do presidente que este lle delegue expresamente.
  - No caso de substitución definitiva, esta será aos efectos tan só de convocatoria de novas eleccións, establecida para un período de tres meses.



- **Resumo traxectoria profesional:**

- Mestrado en Xestión e Dirección de Empresas  
FP II Electrónica Industrial.

Actual conselleiro delegado en GES (Galega de Economía Social), grupo pertencente a COGAMI, dende o ano 2011 ata a actualidade.

Actual vicepresidente da Xunta directiva de COGAMI dende o ano 2001.

Actual presidente de ADISBISMUR dende o ano 2006.

Director xerente de As Lombas Social Cooperativa centro especial de emprego dende o ano 1990 ata 2007.

Director de administración de CEGASAL (Patronal de centros especiais de emprego sen ánimo de lucro) dende 2007 ata 2011.

## VICEPRESIDENCIA 2º:

- **Nome:** Mónica Álvarez San Primitivo.
- **Funcións:**
  - As mesmas que as da vicepresidencia 1ª
- **Resumo traxectoria profesional:**
  - Diplomada en Maxisterio, especialidade Educación Especial. Traballa en COGAMI dende o ano 2002 ata 2013 como orientadora laboral no SIL (Servizo de Intermediación Laboral). En 2013 comeza a traballar como coordinadora na asociación Agora en Monforte de Lemos.  
Forma parte da xunta directiva de COGAMI dende o ano 2007.  
É presidenta da Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia (ACADAR) dende o ano 2009, e en 2018 asume o cargo de Vicepresidenta da Confederación Estatal de Mujeres con Discapacidad (CEMUDIS), na que previamente fora vogal dende 2009. Tamén forma parte do Foro de Igualdade entre homes e mulleres do concello de Lugo.



## SECRETARÍA XERAL:

- **Nome:** Víctor Silva Suárez
- **Funcións:**
  - Custodiar os libros, documentos e selo da Confederación, excepto os libros de contabilidade.
  - Levar o libro de rexistro de persoas asociadas.
  - Redactar as actas das asembleas xerais e da xunta directiva.
  - Librar certificacións con referencia aos libros e documentos da Confederación co visto e prace do presidente.



- O poder certificante xeral de todos os órganos colexiados nos que ostentará a secretaría dos mesmos.
  - Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesario a sinatura da presidencia.
  - Preparar os puntos que teñen que tratarse nas asembleas xerais, enviando as actas e a orde do día con quince días de antelación como mínimo.
  - Responsabilizarse, xunto coa presidencia, do debido cumprimento dos estatutos e dos fins e principios da Confederación.
  - A organización dos servizos técnicos da Confederación.
  - Impulso e control do funcionamento da Confederación.
  - A representación xurídica ante todo tipo de instancias públicas e privadas, e de carácter administrativo e xudicial. As facultades máis amplas que en dereito procedan para o exercicio de calquera tipo de acción, excepción o pretensión en calquera forma, en toda clase de procedementos administrativos, xudiciais ou extraxudiciais ante todo tipo de persoas, entidades, organismos públicos ou privados e calquera clase de xulgados, tribunais ou árbitros; e, expresamente, para a iniciación, seguimento ou terminación dos procedementos antes indicados, así como, especialmente, para desistir, renunciar, allanarse, transixir, someter a arbitraje e facer todo tipo de manifestacións que podan comportar sobresemento do proceso por satisfacción extraprocesal. A tales efectos poderá nomear e apoderar os avogados e procuradores que teña por conveniente. Da utilización destas facultades dará conta a xunta directiva na primeira reunión que teña lugar.
  - Responsabilizarse de arquivos, ficheiros, así como do bo funcionamento das tarefas administrativas, en xeral, da Confederación.
  - Poderá delegar as súas funcións na vicesecretaría.
- **Resumo traxectoria profesional:**
    - Licenciado en Dereito.  
Nado en Santiago licenciouse en dereito pola USC completando a súa formación académica e profesional en Italia, en concreto nas cidades de Milán e Roma onde traballou como avogado e consultor xurídico durante oito anos. De volta en España entrou a formar parte de COGAMI no ano 2017 como parte da Área Xurídica focalizando o seu labor profesional na defensa dos intereses das persoas con discapacidade. É membro da Asociación de Persoas con Discapacidade de Compostela e Comarca (AMICO).

## VICESECRETARÍA

- **Nome:** Juana María Tubío Ordóñez
- **Funcións:**
  - As delegadas pola secretaría xeral
- **Resumo traxectoria profesional:**
  - Diplomada en Traballo Social con máis de 20 anos de experiencia no movemento asociativo do ámbito da discapacidade. Traballa en COGAMI dende o ano 2001, comezando en Administración con atención telefónica e como traballadora social no Servizo de Información e Asesoramento do Departamento de Administración. Coordinadora da área de Traballo Social dende 2008. Forma parte da Xunta Directiva e da Comisión Permanente de COGAMI dende o ano 2007.



## TESOURERÍA

- **Nome:** Álvaro García Bustelo
- **Funcións:**
  - Custodiar e levar os libros de contabilidade.
  - Comunicar inmediatamente á xunta directiva o incumprimento ou irregularidades que se poidan producir nos cobros, pagamentos e, en xeral, na xestión económica da Confederación.
  - Custodiar os fondos da Confederación, respondendo das cantidades das que se fixera cargo, conservando na caixa os fondos que a xunta directiva estime necesarios para o normal desenvolvemento da Confederación. Para dispor dos fondos da Confederación, necesitará da sinatura da presidencia.
  - Farase cargo das cantidades que se ingresen na Confederación, arquivando os libramentos que se fagan efectivos cos seus xustificantes.
  - Constituír e retirar os depósitos, abrir contas e retirar os fondos, sendo necesaria a sinatura da presidencia.
  - Elaborar os presupostos anuais e as previsións de futuro.
  - Cobrará as cotas das persoas asociadas.
  - Solicitará as subvencións oficiais, públicas ou non, que se acorden periodicamente.



- Poderá delegar as súas funcións na vicetesourería.

- **Resumo traxectoria profesional:**

- Licenciado en Ciencias Empresariais, especialidade de financiación. Con experiencia no movemento asociativo do ámbito da discapacidade dende 1996. Comeza a traballar en COGAMI no ano 1996 como responsable da área de Xestión Económica.

Membro da Xunta Directiva da entidade dende o ano 1999 desempeñando a función de tesoureiro; membro da Xunta Directiva da Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade da provincia de A Coruña dende 1998 como vogal; e membro da Xunta Directiva como vogal da Asociación de Persoas con Discapacidade de Compostela e Comarca AMICO dende o ano 1998 ata a actualidade.

Vicepresidente de Galega de Economía Social, S.L. dende a súa constitución en decembro de 2003; presidente do Consello de Administración de Hornos Lamastelle, S.L., dende 2004 ata a actualidade; administrador de Íntegro Xardinería e Medio Ambiente S.L., dende o ano 2002 ata febreiro do ano 2008; conselleiro delegado de MEULAR Servizos Asistenciais S.L., dende a súa constitución no ano 2005; conselleiro delegado de COMBINA SOCIAL, S.L. dende a súa constitución en 2009; e conselleiro delegado de ACTIVA SOCIAL EMPRESA DE TRABALLO TEMPORAL, S.L. dende a súa constitución no ano 2013.

## VICETESOURERÍA

- **Nome:** Paulo Fontán Torreiro
- **Funcións:**
  - As delegadas pola Tesourería.
- **Resumo traxectoria profesional:**
  - Diplomado en Xestión e Administración Pública.





Traballador de COGAMI dende 2007 como Director do Centro de Día de Monteporreiro.

Forma parte da Directiva da Asociación AMIZADE dende 2003, sendo o seu Presidente dende o ano 2007.

Forma parte da Xunta directiva de COGAMI dende o ano 2007.

## VOGAIS

- **Funcións:**
  - Participación nas reunións de xunta directiva.
  - Participación nas votacións de toma de decisión que teñan lugar na xunta directiva.

## VOGAL 1

- **Nome:** Celso Álvarez Pérez
- **Resumo traxectoria profesional:**
  - Licenciado en Psicoloxía no ano 1996. Traballa como Orientador Laboral para COCEMFE no proxecto ILMO entre os anos 1998 e 2000, ano no que pasa a ser contratado como técnico en inserción laboral por COGAMI. En 2001 é destinado ao centro de recursos de COGAMI-MOS como coordinador, posto que vén desempeñando dende entón. Na actualidade compaxina o seu traballo coa secretaría da Federación de COGAMI Pontevedra, e é membro da Xunta Directiva de COGAMI dende 2003.



## VOGAL 2

- **Nome:** José Luis Costoya
- **Resumo traxectoria profesional:**
  - Curso de Orientación Universitaria e curso de Novas Tecnoloxías do proxecto DELFOS a través de COGAMI.



Inicia a súa actividade profesional en COGAMI no ano 1996, traballando como administrativo no Servizo de Intermediación Laboral de COGAMI. Seguidamente traballou no departamento de empresas para posteriormente, coa creación do centro especial de emprego ISO-RIPARIA, S.L., pasar a ocupar o cargo de xerente. Entra a formar parte da Xunta Directiva de COGAMI no ano 2003, e do Consello de Administración de Galega de Economía Social dende os seus inicios en 2003. É unha das persoas fundadoras da Asociación de Persoas con Discapacidade e Apoio á Integración das Comarcas de Arzúa e Terra de Melide (AMARAI) no ano 1997, pasando a presidir a mesma dende o ano 2000.

## VOGAL 3

- **Nome:** Laura Quintas Lorenzo
- **Resumo traxectoria profesional:**

- **Estudios de Economía.**  
Traballou na Asociación Galega de Hemofilia (AGADHEMO) dende 2009 ata 2013 como coordinadora de proxectos. Dende 2013 traballa en Combina Social, S.L., como Técnica de Proxectos. Forma parte da Xunta Directiva de COGAMI dende o ano 2011. É membro da Xunta Directiva da Federación de Ourense DISCAFIS-COGAMI dende o ano 2005 e presidenta da mesma dende o ano 2012. Tamén é membro da Xunta Directiva de AGADHEMO dende 2004 como vogal, posteriormente como tesoureira e vicepresidenta, e actualmente preside a entidade. Tamén forma parte da Xunta Directiva da Asociación de Mulleres con Discapacidade (ACADAR) dende 2009. Dende o 2011, ano de constitución, preside a Comisión Sociosanitaria de COGAMI.



## VOGAL 4

- **Nome:** Manuel Santos Lamas
  - **Resumo traxectoria profesional:**
- **Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración. Mestrado en Dirección de Persoal e Xestión Laboral.**  
Entra a traballar en COGAMI en marzo de 2006, primeiro como Coordinador da asociación Avante





para incorporarse en 2011 aos servizos centrais e finalmente en 2014 como xerente de Hornos de Lamastelle, S.A.

Forma parte da Xunta Directiva de COGAMI dende 2011.

## VOGAL 5

- **Nome:** Ignacio Rodríguez Sáez
- **Resumo traxectoria profesional:**
  - Licenciado en Dereito con más de dez anos de experiencia no movemento asociativo do ámbito da discapacidade. Comeza en COGAMI en setembro de 2001 como asesor laboral do Servizo de Integración Laboral, posteriormente entra a formar parte da Xunta Directiva da entidade como secretario, pasando a ser axente de emprego e asesor xurídico. Actualmente, e dende o ano 2016, preside AECEMCO, a Asociación Empresarial de Centros Especiales de Empleo de COCEMFE (Confederación Española de Personas con Discapacidad Física y Orgánica).



## VOGAL 6

- **Nome:** Carmen Fernández González
- **Resumo traxectoria profesional:**
  - Diplomada en Traballo Social. Traballadora Social da Asociación Aixiña dende o ano 2006. Directora da Área Social de Aixiña dende o 2010. Formou parte da Xunta Directiva de Aixiña entre o 2009 e o 2011.



## VOGAL 7

- **Nome:** Juan Antonio Da Silva Irago
- **Resumo traxectoria profesional:**
  - Técnico Superior en Análise Químico e Control de Calidade traballou nunha fábrica do sector da automoción do 2001 ata 2010, e actualmente traballa nunha fábrica do sector químico dende o 2010. Presidente da Asociación Galega de Fibrose Quística dende o 2015. Vicepresidente da Federación Española de Fibrosis Quística dende o 2016. Tesoureiro da Fundación Española de Fibrosis Quística dende o 2018. Vogal de COGAMI Pontevedra dende o 2019.



## VOGAL 8

- **Nome:** Rosalía López Sánchez
- **Resumo traxectoria profesional:**
  - Especialista universitaria en Captación de fondos para ONG; Doutora en Xerontoloxía; Mestrado Oficial en Xerontoloxía; Experta en Fisioterapia Neurolóxica e en Xerontoloxía Clínica; e Diplomada en Fisioterapia. Desenvolveu a súa carreira profesional como Coordinadora da área de rehabilitación física do Complexo Xerontolóxico “La Milagrosa” (A Coruña) entre os anos 2001 e 2012. Forma parte do GIG (Grupo de investigación en Xerontoloxía da UDC) entre os anos 2002 e 2016 participou en numerosos proxectos de ámbito autonómico, nacional e internacional. Co obxectivo de canalizar a súa experiencia persoal así como profesional comeza a involucrarse no movemento asociativo pasando a formar parte da Xunta Directiva de GRUMICO (Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña) no ano 2014, exercendo na actualidade como vicepresidenta. Forma tamén parte da Xunta Directiva de ACADAR (Asociación de Mulleres con Discapacidade de Galicia) como vogal dende o 2014. A partir do 2015 intervéñen como representante de ACADAR na Comisión Sociosanitaria de COGAMI.



## VOGAL 9

- **Nome:** José Luís Lolo Celeiro
- **Resumo traxectoria profesional:**

- Técnico Especialista en Informática de Empresas  
Entra no Movemento Asociativo de Persoas con Discapacidade en xaneiro do 1993, como socio voluntario da Asociación Auxilia Lugo e posteriormente Secretario da súa Xunta Directiva.

Traballa en COGAMI dende o ano 1993, encargado da posta en marcha do Centro de Novas Tecnoloxías de FINGOI (Lugo), desempeñando dende entón distintos cargos, administrativo, director.

Na actualidade continúa no Centro de Recursos para Persoas con Discapacidade de FINGOI ocupándose da Coordinación do Movemento Asociativo da Provincia de Lugo. Co-fundador da Federación de Asociacións de Persoas con Discapacidade de Lugo (COGAMI LUGO) no ano 1996, asume a secretaría da mesma do ano 1997 ao 2000, e dende o 2000 ata a actualidade a presidencia.

Membro da Xunta Directiva de COGAMI en varios mandatos, ocupando os cargos de vogal e de vicepresidente

Membro do Consello de Administración do Grupo Empresarial de GES dende a súa creación, ocupou o cargo de Administrador de Gráficas Integrais COGAMI.

Actualmente é Secretario da Asociación Ágora e membro da súa Comisión Permanente dende o ano 2011.

Socio activo de asociacións de persoas con discapacidade entre as que destacan Agora (Monforte), Auxilia Lugo, Alcer Lugo, Asociación Benxamín Paz, etc.



## VOGAL 10

- **Nome:** Montserrat Cuevas Gándara
- **Resumo traxectoria profesional:**

- Preto de 20 anos vinculada a varios colectivos e entidades de Ponteareas (Pontevedra), preside a asociación Adapta dende o ano 2010.

Vogal da Federación de Asociacións de Persoas con

Discapacidade da provincia de Pontevedra (COGAMI PONTEVEDRA) dende o ano 2015.

